

ACTIVIDADES PARA 6º A DE LINGUA CASTELÁ, LINGUA GALEGA E MATEMÁTICAS. SEMANA DO 25 AO 31 DE MAIO.

Ola rapaces, cada día bótovos máis de menos!

Como saberedes esta situación segue a ternos afastados. Teño que recordaros que debes : respectar a distancia de seguridade, lavar moito as mans...; e dicir, cumpri de con tódolos consellos que nos dan as autoridades, POR VÓS E POLOS DA CASA.

Esta semana propóñovos os seguintes retos:

- Realiza unha fotografía de algún elemento natural que che guste: unha flor, unha paisaxe, unha árbore, un animal...
A continuación deberás intentar realizar un debuxo, imitando a fotografía pero empregando só puntos de diferentes cores. Se os agrupas daraslle máis volume. Xoga coas cores e coa súa agrupación. **SEGURO QUE CHE QUEDARÁ FANTÁSTICO E O COLOCARÁS NA TÚA HABITACIÓN.**
Podes utilizar rotuladores, ceras, bolígrafos, pinturas...o material do que dispoñas.
Envíame o resultado (a fotografía orixinal e unha do debuxo).
Realiza unha descrición dos pasos que seguiches para realizar este traballo e comparte todo no foro de lingua castelá.
- En lingua castelá tamén che espera unha sorpresa, xa que vas emprender unha aventura marabillosa.
- En matemáticas seredes quen de resolver estes retos:

Alicia tiene cuatro libros con diferente número de páginas cada uno. Averigua las páginas de cada uno de ellos:

Todos los libros tienen un número de páginas entre 153 y 169.
El libro de **cocina** tiene 12 páginas menos que el de **animales**.
El libro de **deportes** tiene 4 páginas más que el de **viajes** y 3 menos que el de **animales**.
El libro de **viajes** tiene un número de páginas cuya cifra de las unidades es 0.

ANIMALES	COCINA	DEPORTES	VIAJES
----------	--------	----------	--------

Agustín tiene menos canicas que Ana. Arturo tiene la mitad de canicas que Agustín, pero el doble que Adela. Si Adela es la que menos canicas tiene, ¿quién es el que tiene más?

As actividades de cada área tédelas na plataforma E-Dixgal, nun novo bloque **que se titula: “Tarefas para a semana do 25 ao 31 de maio”**. Aparecen organizadas por días para axudarnos a distribuír o traballo.

Tamén tedes unha carpeta que se chama 6º sinxelos, por si non sodes capaces de realizar as actividades que vos colguei en E-Dixgal.

O alumno que está exento de galego, ten que lembrar que se non é quen de realizar as actividades propostas, ten un curso en E-Dixgal especificamente creado para el, con actividades para que practique.

Lembrade que en todas as áreas tedes fichas e enlaces a actividades de distinta dificultade.

Tamén quero que esta semana entredes nas actividades que me enviastes, leades as correccións con detemento e volvades a envalas no caso de que volo solicite.

APROVEITA ESTE TEMPO PARA MELLORAR, É O TEU TRABALLO (EU AXÚDOTE).

Importante: realizade as actividades das semanas pasadas antes de pasar ás desta.

O que non saibades PREGUNTÁDEMO polos foros ou correo.

Xa falei con todos vós por teléfono, abalar móbil, whatsapp e a plataforma, polo que respecta ás actividades que debedes realizar en tódalas áreas e, en concreto, das que vos imparto eu.

Debedes rematar as tarefas das semanas pasadas para pasar despois ás que proponho para esta. É MOI IMPORTANTE SEGUIR UNHA LIÑA DE TRABALLO.

Si alguén ten dificultades para realizar as actividades que proponho para cada semana lembre que tedes actividades de reforzo na primeira entrega de tarefas. Viravos moi ben aos que non superastes as áreas e para todos supón un bo reforzo .

Tedes os foros de cada semana para preguntar as dúbidas e lembre os meus correos por si queredes poñervos en contacto comigo ou enviar algunhas das actividades (por exemplo os vídeos que poden pesar máis): m.mar.lorenzo.nunez@edu.xunta.es e marribeira@gmail.com. E debaixo dos foros hai sempre un documento que explica as actividades de cada semana: *Tarefas*.

Lémbrovos que o departamento de orientación e a mestra de PROA poñen a vosa disposición actividades de reforzo.

XA FALTA MENOS PARA ESTAR TODOS XUNTOS.